

Duelo

A
La Gotera de Lazotea

Personaxes

SLURP *Vampiro*

CHUP *Vampiro*

SANGUI *Vampira*

Ilumínanse á vez, a escena e a Lúa sobre o pano de ceo.

Ao centro, en segundo termo, vese un féretro.

Entra CHUP por esquerda e pasea distraído até que descobre o ataúde, entón brinca alborozado. Quere levarlo empuxándoo pero está moi pesado. Intenta abrílo e como non pode ouvea de impotencia.

Alertado, SLURP abre a tapa para ver que é o que pasa e golpea con esta a CHUP que cae lonxe.

Sae para indagar e como non atopa nada regresa ao seu leito. Nese momento CHUP quere meterse dentro pero dá co rostro na tapa da caixa que pechou SLURP para cubrirse.

CHUP recupérase uns minutos e logo golpea coma se fose un veciño. Desde dentro respóndenlle con outros golpes. Iníciase así un diálogo en Morse até que deixan de responderlle. CHUP insiste e agarda. Desesperado golpea con forzas. Pero é en balde. Rosmando sae por esquerda e vén cunha campá.

Alegrándose, con malicia, toca once badaladas e ocúltase. Todo segue igual. Entón asoma, toca unha máis e desaparece. SLURP abre e sae. Espreguízase boqueando. CHUP aproveita e lánzase sobre o ataúde. Nese momento, distraidamente, SLURP baixa a tapa e aprisionalle a cabeza.

CHUP lanza estertores tratando de quitarse de aí.

SLURP levanta a tapa e déixao incorporarse.

Liberado, CHUP recomponse. Fai un lado a SLURP e quere introducirse.

SLURP impídello empuxándoo violentamente.

Enfróntanse e logo dunhas incursións, forxecan soltando uns “hisschhh” máis de gatos que de vampiros.

Logran suxeitarse e alternativamente chúpanse os pescozos sen lograr unha pinga de sangue.

Saen loitando por dereita.

Logo pasan de esquerda a dereita, SLURP perseguido por CHUP e despois CHUP por SLURP.

Entran correndo. Detéñense axitados. Descansan.

SLURP vai á caixa e revolve sacando dúas ou tres cousas de uso feminino. Isto causa a hilaridade de CHUP que o sinala ríndose.

Sorpresivamente, SLURP esgrime un sabre e ameaza a CHUP.

CHUP foxe por esquerda e regresa con outro aceiro.

SLURP ponse en garda.

Mídense.

Tiran unhas estocadas avanzando e retrocedendo ritmicamente.

Desaparecen e aparecen por abaixo como por encantamento intentando atraparse.

Saen por dereita volven por esquerda e loitan.

Nun momento quedan cara a cara empuxando as súas empuñaduras. CHUP aproveita e dálle un sonoro bico.

SLURP apártase con noxo e foxe por dereita mentres CHUP o segue tirándolle espadadas.

Do féretro, en camisón e alterada polo alboroto, asoma violentamente SANGUI. Espera mirando aos lados cos brazos na cintura.

Por esquerda entra CHUP traendo do pescozo a SLURP que patea desesperado.

SANGUI recíbeos vociferando con vehemencia e ordena a CHUP que o deixe. CHUP atemorizado entrégallo.

SANGUI rífao de novo. Logo métese con SLURP e pecha o ataúde.

CHUP afástase amoucado lentamente.

De súpeto, da caixa sae SLURP e chámao.

CHUP sinalándose inquire se é a el a quen chama.

SLURP asente.

CHUP vai até SLURP aparvado e cando está xunto a el, SLURP dálle un bico.

CHUP foxe repugnado.

SLURP sopra a Lúa que se escurece, entra na caixa e pecha a tapa.

APAGÓN LENTO